UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Análise Estatística de Datos Complexos | | Código | 614G02031 |
| Titulación | | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuadrimestre | Cuarto | Optativa | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Departamento profesorado másterMatemáticas | | | |
| Coordinación | Oviedo de la Fuente, Manuel | Correo electrónico | manuel.oviedo@udc.es | |
| Profesorado | López Cheda, Ana<br>Oviedo de la Fuente, Manuel | Correo electrónico | ana.lopez.cheda@udc.es<br>manuel.oviedo@udc.es | |
| Web | https://dm.udc.es/modes/ | | | |
| Descrición xeral | Esta materia proporciona un primeiro contacto do alumnado coas principais técnicas estatísticas para analizar problemas con datos faltantes, datos funcionais, datos censurados ou datos sesgados. Estudaranse os principais mecanismos que provocan a falta de información e aplicaranse as técnicas presentadas a conxuntos de datos reais ou simulados. Analizaranse as limitacións de cada metodoloxía e realizarase diagnose e interpretación dos resultados en termos do problema proposto. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer os principais mecanismos que provocan a falta de datos, a censura nos mesmos ou a existencia de sesgo en ditos datos | A3<br>A20 | B6 | C1<br>C4 |
| Coñecer as principais técnicas estatísticas para analizar problemas con datos faltantes | A3<br>A17<br>A20 | B3<br>B4<br>B9 | C1 |
| Coñecer as principais técnicas estatísticas para analizar datos funcionais | A3<br>A17<br>A20 | B3<br>B4<br>B9 | C1 |
| Coñecer as principais técnicas estatísticas para analizar datos censurados | A3<br>A17<br>A20 | B3<br>B4<br>B9 | C1 |
| Coñecer as principais técnicas estatísticas para analizar problemas con datos sesgados | A3<br>A17<br>A20 | B3<br>B4<br>B9 | C1 |
| Ser capaz de aplicar as principais técnicas para datos faltantes, funcionais, censurados e sesgados a conxuntos de datos reais ou simulados | A20 | B2<br>B3<br>B4<br>B9 | C1 |
| Ser capaz de interpretar os resultados e coñecer as limitacións dos métodos | A3 | B6<br>B7<br>B8<br>B10 | C1<br>C4 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| Datos censurados | Información incompleta e censura<br>Consecuencias de ignorar a censura<br>Estimación paramétrica con datos censurados<br>Estimación non paramétrica: o estimador de Kaplan-Meier<br>O modelo de Cox para a supervivencia condicional |
| Introdución ó problema de datos faltantes | Retos e problemas ante a falta de datos<br>Mecanismos de falta de datos: missing at random (MAR) e missing completely at random (MCAR)<br>Consecuencias do descarte de datos faltantes |
| Técnicas de imputación | Imputación mediante a media<br>Métodos de imputación simple<br>Imputación basada en verosimilitude baixo MAR<br>Algoritmo de Esperanza-Maximización (EM)<br>Métodos de imputación múltiple baixo MAR |
| Introdución ós datos funcionais | Exemplos e motivación<br>O registro e a suavización de datos funcionais<br>Métricas e semimétricas para datos funcionais<br>Expresión dos datos funcionais en termos dunha base |
| Análise de datos funcionais | Estimación da función media e do operador de covarianzas<br>Concepto de profundidade: detección de datos funcionais atípicos<br>Compoñentes principais funcionais<br>Modelos lineais para datos funcionais |
| Datos sesgados | Sesgo na selección dos datos: sesgo por lonxitude, por tempo e por tamaño<br>Consecuencias de ignorar o sesgo<br>Estimación da media e a varianza para datos sesgados<br>O principio de verosimilitude para datos sesgados<br>Situacións con función de sesgo non especificada |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Presentación oral | A3 B2 B3 B4 C4 | 21 | 31.5 | 52.5 |
| Prácticas a través de TIC | A17 A20 A3 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 C1 | 7 | 24.5 | 31.5 |
| Traballos tutelados | A17 A20 A3 B2 B3 B4 B6 B7 B9 B10 C1 | 3.5 | 15.75 | 19.25 |
| Solución de problemas | A17 B2 B7 B8 B10 | 7 | 28 | 35 |
| Proba mixta | A20 A3 B2 B3 B4 B8 C1 | 1.5 | 3 | 4.5 |
| Proba mixta | A20 A3 B2 B3 B4 B8 C1 | 1.5 | 3.75 | 5.25 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Presentación oral | Presentación con ordenador |

| | |
|---|---|
| Prácticas a través de TIC | Análise estatística de conxuntos de datos usando R |
| Traballos tutelados | Análises estatísticas de bases de datos nas que se teñan que aplicar os conceptos estudados |
| Solución de problemas | Elección das ferramentas estatísticas e estratexias para resolver problemas con datos faltantes, datos funcionais, datos censurados ou datos sesgados |
| Proba mixta | Proba sobre conceptos teóricos e/ou exercicios prácticos con R (a realizar na metade do cuadrimestre) |
| Proba mixta | Proba sobre conceptos teóricos e/ou exercicios prácticos con R (a realizar o día do exame oficial) |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Solución de problemas<br>Prácticas a través de TIC<br>Traballos tutelados | Asistencia e participación nas clases teóricas<br>Casos prácticos utilizando R<br>Traballos de análise de datos<br>Exame sobre conceptos teóricos e/ou prácticos |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Proba mixta | A20 A3 B2 B3 B4 B8 C1 | Proba de comprensión teórica e aplicacion práctica dos conceptos impartidos (a realizar o día do examen oficial) | 40 |
| Traballos tutelados | A17 A20 A3 B2 B3 B4 B6 B7 B9 B10 C1 | Contido e presentación dos traballos prácticos e traballos de investigación | 40 |
| Proba mixta | A20 A3 B2 B3 B4 B8 C1 | Proba de comprensión teórica e aplicacion práctica dos conceptos impartidos (a realizar na metade do cuadrimestre) | 20 |

| Observacións avaliación |
|---|

As
puntuacións de cada parte da avaliación quedarán da seguinte forma:
Dous ou tres traballos prácticos e de investigación: 4 puntos.
Exame de conceptos teóricos/prácticos dos temas 1-3: 3.75 puntos. Terá lugar na metade do cuadrimestre. Permítese liberar materia, de forma que os estudantes que obtiveran, como mínimo, un 4 sobre 10 neste exame parcial, xa non se terán que presentar a esta proba no exame oficial, agás que queiran subir nota. Sen embargo, os estudantes que obtiveran unha calificación menor que 4 ou que non se presenten ao parcial, irán ao exame oficial tamén con esta parte. No caso de presentarse a subir nota, a calificación que se consideraría relativa a esta proba sería a obtida no exame oficial.
Exame de conceptos teóricos/prácticos dos temas 4-6: 2.25 puntos. Terá lugar en xaneiro, o día da convocatoria oficial. Para aprobar a materia, pídese obter, como mínimo, un 4 sobre 10 nesta parte.
Para superar a materia será necesario obter unha calificación de alomenos 5 sobre 10 no conxunto da materia.
Na 2ª oportunidade (xullo) os estudantes deberán facer as probas correspondentes nas que a súa calificación na oportunidade de xaneiro fose inferior a 4 sobre 10. No caso de presentarse a subir nota, a calificación que se consideraría relativa a esta proba sería a obtida no exame oficial de xullo.
Na primeira oportunidade (xaneiro), só os estudantes que non se teñan presentado a ningunha das probas avaliables que figuran arriba obterán a calificación de NON PRESENTADO. En xullo obterán a calificación de NON PRESENTADO os estudantes que non se tiveran presentado ao exame final desa data.
Se algún estudante quere facer algunha das probas nun idioma oficial específico (galego ou español), debe avisar ó profesorado alomenos 1 semana antes da correspondente proba.
Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

| Fontes de información | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - Hosmer D. W., Lemeshow S., May S. (2008). Applied survival analysis: regression modeling of time-to-event data. Wiley-Interscience<br>- Cox D. R. (2005). Some sampling problems in technology. . Selected Statistical Papers of Sir David Cox<br>- Lee E. T., Wang J. W. (2013). Statistical Methods for Survival Data Analysis. 4th Edition. Wiley<br>- Little R. J., Rubin D. B. (2019). Statistical analysis with missing data (Vol. 793). John Wiley & Sons<br>- Ramsay J. O., Silverman B. W. (2005). Functional Data Analysis. 2nd Edition. Springer<br>- Ferraty F., Vieu P. (2006). Nonparametric functional data analysis : theory and practice. Springer<br>- Qin J. (2017). Biased sampling, over-identified parameter problems and beyond (Vol. 5). Springer |
| **Bibliografía complementaria** | - Van Buuren, S. (2018). Flexible imputation of missing data. CRC Press<br>- Febrero-Bande M, Oviedo de la Fuente M. (2012). Statistical Computing in Functional Data Analysis: The R Package fda.usc. Journal of Statistical Software, 51(4), 1?28<br>- Therneau T. M., Grambsch P. M. (2000). Modeling Survival Data: Extending the Cox Model. Springer<br>- Therneau T. (2021). A Package for Survival Analysis in R. CRAN |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| Análise Estatística de Datos con Dependencia/614G02022<br>Modelos de Regresión/614G02012<br>Modelización Estatística de Datos de Alta Dimensión/614G02013<br>Inferencia Estatística/614G02007<br>Probabilidade e Estatística Básica/614G02003 |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |

| |
|---|
| Representación e Xestión de Datos Espazo-Temporais/614G02035<br>Técnicas de Simulación e Remostraxe/614G02036 |
| **Materias que continúan o temario** |
| Xestión de Datos Ómicos e Modelización/614G02042 |
| **Observacións** |
| Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas, etc.)Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**